REUNIÓN DA COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 30.06.2016 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 30 de xuño de 2016, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei en Comisión

1.1 43646 (09/PNC-003648)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda e Solla Fernández, Eva
Sobre a recuperación por parte da Xunta de Galicia da xestión pública directa do Centro de atención a persoas con discapacidade Souto de Leixa, de Ferrol, coa subrogación do actual cadro de persoal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 18.11.2015

1.2 49401 (09/PNC-004122)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de persoal de enfermaría do Punto de Atención Continuada de Noia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 635, do 20.04.2016

1.3 49723 (09/PNC-004151)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para o restablecemento do carácter universal do dereito á asistencia sanitaria pública e á recuperación do sistema público de sanidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 638, do 27.04.2016

1.4 49788 (09/PNC-004159)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prescrición dos anticoagulantes orais de nova xeración aos pacientes do Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 638, do 27.04.2016

PARLAMENTO DE GALICIA

1.5 50185 (09/PNC-004197)
Grupo Parlamentario Mixto
Martínez García, María Consuelo e Fernández Rodríguez, Mónica
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación dos centros de atención ás persoas con discapacidade e as condicións laborais do seu persoal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 642, do 11.05.2016

1.6 51267 (09/PNC-004327)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a calidade da comida servida ás persoas usuarias dos centros públicos ou sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Política Social
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 659, do 15.06.2016

1.7 51528 (09/PNC-004348)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o anteproxecto de decreto de adaptación dos comités de ética asistencial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 663, do 22.06.2016

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2016

PARLAMENTO
DE GALICIA

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Javier Dorado Soto	P

Secretaria

María Remedios Quintas Álvarez	S

Vogais

María Carmen Acuña do Campo	S
María Carmen Gallego Calvar	S
Elena Cruz González Sánchez	P
Jaime Íñiguez Martínez	P
María Consuelo Martínez García	M
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Rosa Oubiña Solla	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Eva Solla Fernández	AGE

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.06.2016 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 30.06.2016 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 43646(09/PNC-003648)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda e Solla Fernández, Eva

Sobre a recuperación por parte da Xunta de Galicia da xestión pública directa do Centro de atención a persoas con discapacidade Souto de Leixa, de Ferrol, coa subrogación do actual cadro de persoal

Publicación da iniciativa, 555, 18.11.2015

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2015 16:30
Nº Rexistro: 43646
Data envio: 09/11/2015 14:15:45.959

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova eqUO

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda,** ao traverso das súas deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión V,** relativa ao centro de atención á discapacidade Souto de Leixa de Ferrol.

Exposición de motivos

Logo duns anos onde prevaleceu no centro un funcionamento e unha atención precarias, este centro de atención á discapacidade Souto de Leixa vai rematar o período da concesión outorgada no seu día por esa fábrica de privatizacións e degradación dos servizos públicos chamada consellaría de benestar.

O CAPD Souto de Leixa ten a oportunidade de deixar atrás unha fase caracterizada polas insuficiencias en todos os eidos:, as cales tiveron que ser contestadas coas denuncias das nais e pais das persoas usuarias do centro:

- A insuficiencia de persoal para atender ás persoas usuarias, onde para un centro dos maiores de Galicia (172 persoas usuarias) dispón da metade de persoal que noutros de similar tamaño.

- As persoas usuarias sufriron a non utilización do vaso terapéutico malia recollerse ese dereito no acordo da comisión previsto co gallo da división do previo centro de educación especial e ter obtido o apoio do Valedor do Pobo sobre este particular.

- A empresa concesionaria vulnerou o prego de condicións, o cal recolle que debe ocuparse do transporte polo que as persoas usuarias xa realizan un repago do 38% dos seus ingresos; insatisfeita e buscando facer máis negocio, a empresa estivo a cobrar o transporte cun repago extra do 12%.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2015 16:30
Nº Rexistro: 43646
Data envio: 09/11/2015 14:15:45.959

- O centro soporta eivas na accesibilidade malia ser un centro para persoas dependentes.

- Nunca se soubo, logo de ser privatizado, do ruxe ruxe da construción dun centro deportivo compartido coas persoas residentes e usuarias de día e do CAMF (centro de atención a persoas con discapacidades físicas).

A pésima xestión do centro é a maior razón práctica para rescatalo , agora que remata a concesión, baixo a fórmula de xestión pública directa.

Xa que logo, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a recuperar a xestión pública directa do CAPD Souto de Leixa para garantir un servizo público de calidade, universal e gratuíto, incorporando a fórmula en materia de emprego da subrogación da actual plantilla.

En Compostela, a 9 de novembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 09/11/2015 14:14:50

Eva Solla Fernández na data 09/11/2015 14:14:57

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 30.06.2016 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 49401(09/PNC-004122)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de persoal de enfermaría do Punto de Atención Continuada de Noia

Publicación da iniciativa, 635, 20.04.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2016 11:19
Nº Rexistro: 49401
Data envio: 08/04/2016 11:19:38.530

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e dos seus deputados **Xosé M. Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Juan M. Fajardo Recouso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión,** relacionada **coa enfermería no PAC de Noia.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Punto de Atención continuada de Noia atende a unha ampla zona poboacional de en torno a 35.000 persoas; Poboación que se ve incrementada nos meses de verán.

O plantel actual consta de dous persoas profesionais da medicina, unha de enfermaría e unha celadora. Este plantel vese reforzado con outra enfermeira ou enfermeiro as fines de semana e períodos de verán.

Sen embargo, o persoal do centro denuncia que o volume de traballo durante o resto do tempo segue sendo elevado, con numerosos saídas en ambulancia.

Cando o persoal debe atender unha urxencia saíndo co vehículo sanitario, o centro queda unicamente cun médico ou médica e cun celador ou celadora.

Estas circunstancias motivan, que teñan reclamado que a doble presencia enfermeira sexa permanente e non só durante os meses de verán ou fines de semana.

Por todo o exposto, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA- ANOVA) presenta a seguinte Proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2016 11:19
Nº Rexistro: 49401
Data envio: 08/04/2016 11:19:38.530

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter un plantel de dúas enfermeiras ou enfermeiros de maneira permanente no PAC de Noia.

Compostela, 7 de abril de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/04/2016 11:17:00

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/04/2016 11:17:07

Jose Javier Ron Fernandez na data 08/04/2016 11:17:11

Anton Sánchez García na data 08/04/2016 11:17:16

Ramón Vázquez Díaz na data 08/04/2016 11:17:18

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/04/2016 11:17:21

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 30.06.2016 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 49723(09/PNC-004151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para o restablecemento do carácter universal do dereito á asistencia sanitaria pública e á recuperación do sistema público de sanidade

Publicación da iniciativa, 638, 27.04.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2016 16:30
Nº Rexistro: 49723
Data envio: 19/04/2016 16:30:46.738

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas **Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar, María Quintas Alvarez e Mª de los Angeles Ferreiro Vidarte,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre universalización do dereito á asistencia sanitaria pública e recuperación do Sistema público de sanidade.**

Exposición de motivos

O ámbito subxectivo do dereito á protección da saúde foi profundamente modificado por este Goberno mediante o Real decreto - lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.

Con esta modificación alterouse unha norma de consenso que se plasmou, no 2003, no artigo 3 da Lei de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde. Retrocedendo no longo camiño percorrido até entón, volveuse a vincular o dereito á asistencia sanitaria pública gratuíta coa Seguridade Social. Consagra de volta a figura do «asegurado» como suxeito do dereito á protección da saúde. O Real decreto - lei 16/2012, derrogou tacitamente os preceptos da Lei xeral de saúde pública sobre a extensión da asistencia sanitaria, deixando sen cobertura sanitaria directa aos profesionais e a todos aqueles que non teñan ningún vínculo coa Seguridade Social -e, mesmo, aos descendentes de asegurados maiores de 26 anos-, cuxos ingresos superen un determinado límite que a norma non precisa. Pero o máis grave é a expulsión da cobertura pública sanitaria dos estranxeiros sen permiso de residencia, coas graves consecuencias que implica en termos de saúde individual, saúde colectiva ou saúde pública, ademais do recorte de dereitos que supón e que non respecta principios constitucionais como é o da dignidade da persoa.

Desde o primeiro día, todos as e os profesionais sanitarios, partidos políticos, sindicatos e organizacións sociais rexeitaron esta reforma que altera a vocación de universalidade do noso Sistema Nacional de Saúde. Así mesmo, varias comunidades autónomas rexeitaron excluír aos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2016 16:30
Nº Rexistro: 49723
Data envio: 19/04/2016 16:30:46.738

inmigrantes en situación irregular do acceso ás prestacións sanitarias, recorrendo a reforma ao Tribunal Constitucional, e outras estableceron programas gratuítos de acceso á carteira básica de servizos sanitarios para este colectivo.

Por outra banda, o Goberno de España seguiu recortando neste tempo o dereito á cobertura sanitaria das e dos españois. Mediante modificacións lexislativas incluídas na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, modificouse a cobertura sanitaria das e dos españois que esgotasen as prestacións do sistema de protección por desemprego, que perderían o seu dereito á asistencia sanitaria no noso país se saen de España por tempo superior a 90 días, incluso para buscar traballo ou formación. A presente iniciativa pretende repoñer a situación xurídica previa á promulgación do real decreto - lei citado.

Despois dos anos de aplicación deste sistema de exclusión non se puido acreditar aforro algún para o sistema sanitario, pero si existen acreditados numerosos casos nos que a falta de acceso normalizado á asistencia sanitaria concluíu con persoas que viron agravadas as súas enfermidades, e outras que mesmo perderon a vida tras serlle rexeitada a posibilidade de ser asistidos por un médico. Un balance cruel baseado na imposición, tan inútil como inxusta, que urxe rectificar.

Evidentemente, a recuperación da universalidade do dereito á asistencia sanitaria, sendo o máis importante dos aspectos da política sanitaria que hai que rectificar non é nin moito menos o único. Como noutros ámbitos, o retroceso vivido requirirá da oportuna modificación, primeiro normativa, e posteriormente de xestión, relacionada co reforzo da xestión pública do sistema, a maior coordinación coas comunidades autónomas, a converxencia cara a unha carteira común de servizos para toda a cidadanía, así como outras medidas que deberán ser impulsadas polo Goberno e consensuadas polas forzas políticas.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Estado a:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2016 16:30
Nº Rexistro: 49723
Data envio: 19/04/2016 16:30:46.738

1.- Derrogar o Real decreto – lei 16/2012, do 20 de abril para restablecer a universalidade da cobertura do Sistema Nacional de Saúde.
2.- Reformar a lexislación sanitaria para asegurar a sustentabilidade dun sistema sanitario público, universal, de calidade, gratuíto, con equidade no acceso por parte dos cidadáns, cunha mesma carteira básica de servizos para toda a cidadanía nun marco de ampla descentralización.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Levar estes compromisos ao Consello Interterritorial de Sanidade.
2.- Poñer os recursos e normativas necesarias na Comunidade Autónoma de Galicia para suplir estas carencias e garantir a universalidade do Servizo Público Galego de Saúde.

Pazo do Parlamento, 14 de abril de 2016

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Mª de los Angeles Ferreiro Vidarte
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 19/04/2016 16:27:39

Carmen Gallego Calvar na data 19/04/2016 16:27:46

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 19/04/2016 16:27:50

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2016 16:30
Nº Rexistro: 49723
Data envio: 19/04/2016 16:30:46.738

Grupo Parlamentario

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 19/04/2016 16:27:55

Jose Luis Méndez Romeu na data 19/04/2016 16:28:02

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 30.06.2016 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 49788(09/PNC-004159)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prescrición dos anticoagulantes orais de nova xeración aos pacientes do Sergas

Publicación da iniciativa, 638, 27.04.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2016 17:16
Nº Rexistro: 49788
Data envio: 21/04/2016 17:16:36.520

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á prescrición de novos anticoagulantes orais.

En Galiza son miles as persoas tratadas con anticoagulantes orais. Os anticoagulantes orais teñen a función de inhibir a acción da vitamina K, precisa para unha correcta coagulación do sangue. Son empregados co fin de diminuír a posibilidade de que se forme un coágulo, que posteriormente poida desprenderse e chegar por exemplo ao cerebro producindo o chamado ictus, trombose cerebral ou accidente cerebrovascular.

Dentro destes anticoagulantes o máis usado é o coñecido comercialmente como Sintrom (acenocumarol como principio activo). A administración deste fármaco require a monitorización d@ doente, non se dan doses fixas de xeito prolongado, senón que hai que individualizada segundo o estado da coagulación en cada momento.Require da realización de análises periódicas, ao principio moi frecuentes e logo de estabilizada a coagulación realízanse cada mes.

O Sintrom, presenta importantes efectos secundarios e non resulta eficaz no 40% d@s doentes tratados. Ademais as persoas tratadas con este fármaco teñen que ter un control estrito tanto da dieta, xa que a modificación da mesma aumenta ou diminúe o aporte de vitamina K, e polo tanto fai preciso o axuste do anticoagulante,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2016 17:16
Nº Rexistro: 49788
Data envio: 21/04/2016 17:16:36.520

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como a toma de outros fármacos, que interaccionan co Sintrom e poden descontrolar o tratamento.

Na actualidade existen alternativas ao Sintrom, unha nova xeración de anticoagulantes orais, seguros e eficaces, sen maior risco de sangrado, sen interaccións cos alimentos e con moitas menos interaccións medicamentosas, e que ademais evítanlle @s doentes ter que desprazarse cada mes para realizar o control da medicación, toda vez que son administrados en dose fixa e non precisa controis analíticos periódicos.

O Ministerio de Sanidade,Política Social e Igualdade aprobou a inclusión no financiamento público destes anticoagulantes orais para a prevención do ictus en doentes con fibrilación auricular non valvular e enfermidade tromboembólica venosa.

Son evidentes as vantaxes que presentan estes novos anticoagulantes, e son moitos @s profesionais que defenden que os análises de costo-eficiencia destes fármacos cumpren cos requisitos esixidos para que sexa financiado na sanidade pública.A pesar disto o SERGAS non ten xeneralizado a súa prescrición, establecendo limitacións, incluso en doentes con dificultades para manterse en rango.Todo indica que o SERGAS ten establecido limitacións na prescrición dos novos anticoagulantes por criterios económicos, por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a favorecer a información científica independente dos novos anticoagulantes orais entre @s profesionais, e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2016 17:16
Nº Rexistro: 49788
Data envio: 21/04/2016 17:16:36.520

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deixar que sexan estes, sen presión do SERGAS por motivos económicos, os que prescriban libremente tendo só en conta o beneficio para @ doente."

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores
Deputada do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 21/04/2016 17:09:38

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 21/04/2016 17:09:45

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 30.06.2016 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 50185(09/PNC-004197)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo e Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación dos centros de atención ás persoas con discapacidade e as condicións laborais do seu persoal

Publicación da iniciativa, 642, 11.05.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2016 16:30
Nº Rexistro: 50185
Data envio: 02/05/2016 14:56:28.364

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa das súas deputadas **Consuelo Martínez García** e **Mónica Fernández Rodríguez** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego** sobre a situación dos centros de atención a persoas con discapacidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, o persoal dos centros de traballo que atenden a persoas con discapacidade, está a sufrir un recorte drástico das súas condicións laborais, derivados dos recortes na Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia e do Estado español, reforma laborais e perda de dereitos continuada nos últimos convenios de ámbito estatal.

Estes recortes afectaron negativamente non só as condicións laborais do seu persoal, senón tamén tanto á prestación do servizo ás persoas usuarias, como á supervivencia das entidades que os xestionan que, case na súa totalidade, son entidades sen ánimo de lucro.

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión:**

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Garantir un orzamento necesario para que as entidades que prestan servizos ás persoas con discapacidade poidan prestar os mesmos coa calidade concertada, o persoal necesario e garantir o aboamento puntual das nóminas ao persoal.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2016 16:30
Nº Rexistro: 50185
Data envio: 02/05/2016 14:56:28.364

2. Convocar á patronal do sector de centros de atención a persoas con discapacidade."

Pazo do Parlamento, a 02 de maio de 2016

Asdo.: Consuelo Martínez García
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 02/05/2016 14:55:53

Mónica Fernández Rodríguez na data 02/05/2016 14:56:02

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 30.06.2016 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 51267(09/PNC-004327)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a calidade da comida servida ás persoas usuarias dos centros públicos ou sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Política Social

Publicación da iniciativa, 659, 15.06.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2016 17:53
Nº Rexistro: 51267
Data envio: 07/06/2016 17:53:18.892

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Gallego Calvar**, **Carmen Acuña do Campo** e **María Quintas Alvarez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Nos últimos tempos estamos recibindo con preocupación denuncias de diversos colectivos de persoas usuarias ou as súas familias de centros públicos dependentes da Consellería de Política Social, en relación coa calidade na prestación do servizo de comedor.

O verán pasado escoitamos con preocupación as Anpas de colexios infantís como O Pitaño de Vilagarcía, ou centros de día como o de Tomiño, que nos narraban situacións de deficiencias presentadas nos servizos de cátering e comedor, fundamentalmente no verán, no que moitas persoas usuarias denunciaban que a comida chegaba en mal estado, era de ínfima calidade ou sinxelamente estaba mal cociñada.

Daquela o Grupo Parlamentario Socialista presentou diversas iniciativas que non tiveron resposta axeitada por parte do Goberno galego e moitas das persoas usuarias e as súas familias formularon protestas das que se fixo caso omiso.

Mesmo houbo xuntanzas de familias de persoas usuarias cos responsables territoriais do Goberno galego que despois de coñecer os feitos non actuaron en consecuencia.

De novo agora xorden os problemas e nestes días volvemos a recibir múltiples protestas.

Estamos falando de centros de día, residencias, escolas infantís que acubillan a persoas maiores, persoas con discapacidade, persoas dependentes, menores, aos que se lle está ofrecendo comida de calidade

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2016 17:53
Nº Rexistro: 51267
Data envio: 07/06/2016 17:53:18.892

deficiente, en ocasións medio crúa e noutras presentando síntomas de manipulación indebida na súa conservación.

Hai que lembrar que unha característica común destas denuncias é que a comida se cociña e elabora en lugares afastados ao seu servizo efectivo, co conseguinte incremento de custos de transporte e de risco para a garantía da calidade alimentaria, é que ademais, o Goberno galego recortou ao máximo os prezos a pagar por este servizo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

a) Poñer en marcha unha inspección en todos aqueles centros públicos ou sostidos con fondos públicos para testar a calidade da comida servida ás persoas usuarias e tomar as medidas oportunas con respecto ás empresas que prestan o servizo de cátering neses centros.

b) Esixir como criterios prioritarios e excluíntes denantes que o prezo, que os servizos de comida aos centros públicos se fagan con criterios de calidade, orixe galega e proximidade.

Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2016

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
María Quintas Alvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Voceira do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 07/06/2016 17:49:40

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2016 17:53
Nº Rexistro: 51267
Data envio: 07/06/2016 17:53:18.892

Grupo Parlamentario

María del Carmen Acuña do Campo na data 07/06/2016 17:49:46

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 07/06/2016 17:49:51

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/06/2016 17:49:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 30.06.2016 Hora: 10:30
Orde do día

1.7 51528(09/PNC-004348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o anteproxecto de decreto de adaptación dos comités de ética asistencial

Publicación da iniciativa, 663, 22.06.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2016 12:43
Nº Rexistro: 51528
Data envio: 16/06/2016 12:43:17.090

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á retirada do Anteproxecto de decreto de adaptación dos comités de ética asistencial.

A Consellaría de Sanidade ten elaborado un Anteproxecto de decreto que ten por obxecto adaptar os comités de ética asistencial ás actuais estruturas organizativas e determinar o seu ámbito de actuación, a súa composición e as súas funcións.

Este Anteproxecto contén modificacións con respecto ao actualmente en vigor, decreto 177/2000, do 22 de xuño polo que se regula a creación e autorización dos Comités de Ética Asistencial, que causan preocupación e rexeitamento entre organizacións sindicais, profesionais e de doentes. Existe confusión entre o que deben ser os comités de ética e o seu carácter participativo e mediador. Da redacción do Anteproxecto despréndese a intención de limitar as cuestións que podaren asumir e secundariza a protección dos dereitos d@s doentes.

O texto do Anteproxecto permite o control dos comités de ética por parte do Sergas ao introducir no artigo 4, referente á composición, a participación de persoal directivo da EOXI correspondente, cando no anterior decreto establecía no apartado 2 do artigo 4 que non poderían formar parte.

Para a conformación dos Comités de Ética Asistencial deben garantirse procesos de selección públicos e transparentes, a presenza de persoal non sanitario e a protección dos dereitos d@s doentes debe ser a referencia fundamental das súas funcións. Ao mesmo tempo para poder cumprir coa súa misión de orientar desde os valores

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2016 12:43
Nº Rexistro: 51528
Data envio: 16/06/2016 12:43:17.090

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

compartidos, os conflitos que poidan producirse na actuación asistencial, sexa institucional ou individual, deben afastarse da influencia dos órganos executivos da administración.

Tódolos cambios introducidos no anteproxecto van na dirección do aumento do control sobre os comités de ética e a súa actividade: presenza de persoal directivo das EOXIS, redución das persoas alleas, remisión anual á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas dos informes e dos protocolos de actuación,...

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a retirar o Anteproxecto de decreto polo que se regulan os comités de ética asistencial de Galiza, e a elaborar un novo consensuado c@s profesionais, organizacións sindicais, asociacións de doentes,..."

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores
Deputada do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2016 12:43
Nº Rexistro: 51528
Data envio: 16/06/2016 12:43:17.090

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 16/06/2016 12:33:49

Ana Belén Pontón Mondelo na data 16/06/2016 12:33:58